



Procedimiento

Código SIA

Expediente 81/2025.- Modificación Regulamento e Normas de organización e funcionamento da Escola municipal de Música As Lagoas

Trámite Informe. Informe xurídico proxecto

Paula E. Ramos Díaz, funcionarias de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretaria do concello de Mugardos, en cumprimento do establecido no artigo 3 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, de réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, por medio da presente emitimo o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito

- Expediente 81/2025 aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona que contén a documentación que se relaciona de seguido:
 - a) Anuncio de aprobación definitiva do REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA AS LAGOAS (BOP nº 94, de 20 de maio de 2013).
 - b) Providencia da concelleira delegada de Cultura, Educación, Deportes e Turismo , (Delegación da Alcaldía: R.A. 2024-1008 de 30.08.2024), asinado con data 15.01.2025 e na que se solicita a emisión de informe de secretaría sobre a normativa aplicable e procedemento a seguir para a modificación da ordenanza fiscal núm. 14, Reguladora da taxa pola prestación de servizos, deportivos, culturais e lecer e de modificación do Regulamento e Normas de organización e funcionamento da Escola municipal de Música As Lagoas.
 - c) Non consta no expediente informe actualizado da a animadora Sociocultural e polo técnico de Deportes, sobre as modificacións a realizar na dita ordenanza, así como do Regulamento e Normas de organización e funcionamento da Escola municipal de Música As Lagoas.

Consideracións xurídicas

Primeira.- Normativa aplicable

Respecto á natureza do ingreso público haberá que estar ás consideracións realizadas pola intervención, partindo da consideración que a OF nº 14 outorga de taxa pola prestación da actividade.

E por tanto haberá que estar ao disposto polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante).

Segundo.- Procedemento e órgano competente.

Requisito procedimental específico





Conforme ao art. 25 TRLRFL establece: “Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. Devandito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo”.

Órgano competente

A competencia corresponde ao Pleno, réxime de maioría simple (art. 47.1º LBRL), aínda que o art. 45 TRLRFL prevé de xeito expreso que a fixación en cada caso concreto se poda levar a cabo pola Xunta de Goberno Local.

Procedemento a seguir

Con data 06.02.2023, o Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª, en sentenza nº 133/2023, resolvendo o recuso de casación núm. 133/2023, no que se cuestiona a aplicación do réxime de consulta pública previsto no art. 133.1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, aos instrumentos de ordenación urbanística por posuír unha normativa específica propia (aprobación, modificación ou revisión), conforme á DA1ª da mesma norma. E indirectamente por tanto se non resulta de aplicación nin ás Comunidades Autónomas (ás que se refire o Tribunal Constitucional sentenza 55/2018, de 24 de maio que salvo o inciso do apartado primeiro e primeiro parágrafo do apartado cuarto é contrario á orde constitucional de competencias máis non implica a súa nulidade aplicándose á esfera estatal), por canto se cuestiona que no fondo o importante é a especialidade procedimental e non a Administración que tramite o expediente (autonómica ou local).

Estendendo o seu xuízo a outras materias sectoriais que igualmente teñen un réxime específico propio á marxe das sinaladas na devandita DA 1ª (materia tributaria, aduanera, seguridade social, seguridade viaria, extranxería e asilo), regulando un procedemento específico.

E en función do exposto o TS considera que ha lugar a casación da sentenza de instancia, desprazado da súa aplicación ao indicado réxime previsto no art. 133.1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Con caracte case simultáneo no tempo, e no ámbito propio triutuario o mesmo Tribunal, por sentenza de 31.01.2023 establecía:

“...que el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC,





como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL.”

Polo que a realización do trámite de consulta pública decaería nos expedientes de tramitación de ordenanzas fiscais e os a eles asimilados.

Tendo en conta os principios e fondo analizado en ambas sentenzas e de xeito específico, na STS de 31.01.2028 en aplicación da DA1ª LPAC, o desprazamento na aplicación alcanzaría igualmente ao trámite de audiencia e participación cidadá.

Conclusiones:

En atención ás consideracións realizadas será necesario que conste no expediente:

- Informe económico xustificativo do custe de prestación/modificación e proposta de área.
- Aprobación inicial polo Pleno, réxime de maioría simple (art. 47.1º LBRL).
- Publicación do acordo (BOP, taboleiro de anuncios e portal de transparencia) e apertura dun trámite de información pública durante 30 días hábiles.
- No caso de que non se presentase alegación ningunha, o acordo elevarase automaticamente á categoría de definitivo sen necesidade de aprobación plenaria (art. 17.3º TRLRFL).
- O acordo de aprobación e o texto definitivo da ordenanza deberán ser publicados de xeito íntegro no BOP, sen que entre en vigor en tanto non se teña levado a cabo dito trámite.
- Contra o acordo de aprobación definitiva e o texto da ordenanza tan so se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo (art. 112.3º LPAC).

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

A secretaria,

Paula E. Ramos Díaz

